



CONTIDOS

| Nº | TEMAS | Descrición | Trimestre |
|----|---|--|-----------|
| 1 | A Comunicación. Lingua e Literatura | A comunicación. O signo lingüístico. Organización. Fonemas e morfemas. Vocabulario relacionado co libro. A literatura, características. Xéneros. Recursos estilísticos. | 1º |
| 2 | O texto I | Definición de texto. Propiedades textuais. Coherencia, cohesión e adecuación. Clasificación segundo a forma e a intención comunicativa. Texto narrativo, descritivo, dialogado e expositivo. Características e tipos. | 1º |
| 3 | Búsqueda e selección da información | Búsqueda nas bibliotecas. Uso dos tradutores. A presentación (ortografía, prosodia, tipografía, marxes, citas, bibiografía, notas ao pé...). Esquemas, resumos. Idea principal e secundarias. | 1º |
| 4 | Diversidade lingüística. Linguas en contacto. | Orixes e evolución da lingua galega. O plurilingüismo. Linguas do Estado español. Bilingüismo. Diglosia. Linguas en contacto. Interferencias. Prexuízos. Proceso de normalización. Variedades lingüísticas. Interferencias. A lusofonía. Vocabulario: as relacións sociais. | 1º |
| 5 | Semántica | Campo léxico. Familia de palabras. Sentido recto e figurado. Polisemia. homonimia. Sinónimos e antónimos. Denotación e connotación. Hipónimos e hiperónimos. | 1º |
| 6 | A lingua e a literatura na Idade Media. | A literatura medieval: Cantigas de amigo, de amor e de escarnio. Vocabulario: a vestimenta. | 1º |
| 7 | O texto II | A argumentación. A exposición científica, o proxecto, o informe, o currículo, o contrato, a acta. Vocabulario: os sentimentos | 2º |
| 8 | Morfoloxía e sintaxe O SN. Complementos. O SV Complementos | Substantivo. Clases. Xénero e número. Prefixos, sufixos. Palabras simples, compostas, derivadas e parasintéticas. O adxectivo. Tipos e gradación. Tipos de determinantes: artigo, posesivo, demostrativo, indefinido, numerais. O pronome. Colocación do pronome átono. O verbo. Vocabulario: o tempo. | 2º |
| 9 | Literatura Idade Media II | Cantigas de Santa María e Prosa. Vocabulario: os sentimentos. | 2º |
| 10 | Lingua e literatura nos séculos XVI-XVIII. | Séculos Escuros e Ilustración. Vocabulario: a educación en valores. | 2º |
| 11 | Os medios de comunicación e os xéneros xornalísticos. | Os xéneros xornalístico: informativos, mixtos e de opinión (A noticia, a reportaxe e a crónica. O editorial e o artigo de opinión, cartas ao director. Vocabulario: medios de comunicación. | 2º |
| 12 | A lingua e a literatura no século XIX. | Contexto histórico e precursores. Rexurdimento. Definición. Cronoloxía. Contexto histórico e xéneros. Rosalía de Castro. Curros Enríquez. Eduardo Pondal Vocabulario da xustiza. | 3º |
| 13 | Morfoloxía e sintaxe | Adverbios, preposicións, conxuncións e locucións. A oración e os seus constituíntes. Vocabulario: a natación. | 3º |
| 14 | Literatura entre dous séculos. | Cronoloxía, xéneros e autores do posrexurdimento. Vocabulario: A educación. | 3º |

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN |
|---|-----------------------------|
| Probas escritas (test, proba por competencias, proba de contidos, autoavaliación) e orais. PROXECTO (Elaboración e presentación) | 70% |
| Lectura | 10% |
| Producións clase-casa: escritas, orais, esquemas, resumos, textos argumentativos, narrativos, descritivos, debates... | 20% |
| Total | 100% |

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na suma das partes. Esta non se realizará se nalguna das probas escritas ou orais (incluído o exame do libro de lectura) se obtén menos dun catro. Nas producións de clase-casa non se aplica esta condición. A partir do cinco a nota redondearase pasando á seguinte, sempre que se supere a anterior en 0,6 décimas. Por ex. 5,6= 6.

Descontarase por faltas de presentación ou ortográficas leves (0,05), graves (0,10) e moi graves (0,20) ata un máximo de 2ptos, segundo estes criterios: *Faltas moi graves*: solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono, etc. *Graves*: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y*, etc.) e acentuación diacrítica. *Leves*: solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica.

Se un alumno falta a unha proba sen xustificante médico ou de deber inescusable, terá un cero nese apartado. O mesmo para a entrega dos traballos, **non se recollen fóra de prazo**.

No caso de detectar que se copia nun exame retirarase a proba inmediatamente e daráselle ao alumno/a a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. De negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

A nota final do curso obtense facendo a media das tres avaliacións, sempre que non haxa menos dun 4 en ningunha delas. Quen non chegue ó cinco poderá realizar un exame final de recuperación. As lecturas obrigatorias poden recuperarse ó longo do curso ou no exame final. Na proba extraordinaria de setembro entra todo o temario e tamén as obras de lectura.

LECTURAS

1º trimestre: SANTOS, Care: *Mentira*, Ed. Rodeira

2º trimestre: MALLORQUÍ, César: *O último traballo do Sr. Luna*, Ed. Rodeira.

3º trimestre: Lectura voluntaria: Pode escollerse entre as seguintes ou calquera outra previa consulta coa profesora.

CALVEIRO, Marcos, *O pintor do sombreiro de malvas*, Xerais // LIENAS, Gemma, *O diario violeta de Carlota*, Ed. Galaxia. //

MALLORQUÍ, César, *As lágrimas de Shiva*, Ed. Rodeira // MARTÍN, Andreu, *Ideas de bombeiro*, Ed. Rodeira. // NEGRO, Carlos,

Makinaria, Xerais ou *Penúltimas tendencias*, 2014, Xerais

TRABALLOS (pode haber modificacións e ampliación con traballos voluntarios)

1º trimestre: Traballo sobre as relacións semánticas.

2º trimestre: Folleto informativo e traballo sobre a igualdade de xénero.

3º trimestre: Por determinar.

DATAS EXAMES

| 1ª AVALIACIÓN | | | 2ª AVALIACIÓN | | | 3ª AVALIACIÓN | | |
|---------------|---------|--------|---------------|---------|--------|---------------|---------|--------|
| 1º Ex. | Lectura | 2º Ex. | 1º Ex. | Lectura | 2º Ex. | 1º Ex. | Lectura | 2º Ex. |
| 27/10 | 10/11 | 9/12 | | | | | | |